



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo martes 9 de xuño de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: DECRETO COA LISTA DE APROBADOS E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE 2 PEÓNS - PEL 2020**

**EXPEDIENTE TEDEC: 2020/G003/000097 (Decreto).**

**EXPEDIENTE TEDEC: 2020/E001/000002 (Emprego).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vistas as bases e convocatoria urxente de concurso oposición para a contratación laboral temporal de dous peóns ó abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos Concellos da Provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2020 cofinanciado pola Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por decreto de Alcaldía 66/2020, de 14 de maio de 2020.

Vista a tramitación do expediente do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de dous peóns ó abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos Concellos da Provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2020 cofinanciado pola Deputación Provincial da Coruña, efectuada a través dos decretos de Alcaldía n.º 77/2020, de 27 de maio, e 82/2020, de 1 de maio de 2020.

Vista a acta do tribunal do proceso selectivo mediante a que se realiza a valoración de méritos e se puntúan as probas da fase de oposición conforme ó disposto no punto quinto das bases, que se transcribe a continuación:

***“ACTA DO PROCESO SELECTIVO DO CONCELLO DE VILASANTAR PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O ANO 2020 COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.***

***EXPTE 2020/E001/000002.***

***Na Casa Consistorial de Vilasantar, sendo as 9:00 horas do día 5 de xuño de 2020, reúnense os membros do Tribunal que xulgan as probas selectivas para a contratación laboral temporal de dous peóns neste concello ao abeiro do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos nos concellos da provincia da Coruña As bases que***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)  
1/6



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

rexen esta convocatoria foron publicadas no Taboleiro de Anuncios, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello.

## MEMBROS DO TRIBUNAL:

*Presidenta: Dona Isabel Novo López, funcionaria do concello de Vilasantar.*

*Secretaria: M<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez, funcionaria do concello de Vilasantar.*

*Vogal: Jose Boado, personal laboral do concello de Vilasantar*

*Vogal suplente Ana Belen Vázquez Garea, persoal laboral do concello de Vilasantar en suplencia de Andrés Emillio Fernández Pérez.*

*Vogal: Mercedes Costoya Cortés, persoal laboral do concello de Vilasantar*

Acto seguido o Tribunal procede a revisar a fase de concurso dando como resultando o reflectido na seguinte táboa:

## RESULTADO DEFINITIVO DA FASE DE CONCURSO:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	8.A.1 Experiencia a Profesional  Máx 3 pts	8.A.2 Formación  Máx 2 pts	Total Puntos  Máx 5 pts
1	Corral Gómez Iván	533014**F	3	0,55	3,55
2	Bermejo Montero M <sup>a</sup> de los Angeles	448425**M	0,90	0,65	1,55

A continuación o Tribunal debate e elixe as preguntas a realizar na proba práctica polas persoas aspirantes, e se procede á publicación de méritos dos candidatos na porta da Sala onde se realiza o proceso selectivo así como no taboleiro de anuncios.

A continuación, procédese á realización da proba práctica, segundo o establecido na base no punto 9 da convocatoria, que consistirá na realización dun exercicio práctico e preguntas sobre as tarefas do posto de traballo, de acordo co reflectido nas bases.

En primeiro lugar, procédese ó chamamento das persoas aspirantes que se presentan, que son as que figuran na táboa anterior, iniciando a fase de oposición por don/dona Iván Gómez Corral e seguindo coa seguinte aspirante.

Os membros do tribunal expoñen aos aspirantes as cuestións que se lles van a facer, e que se atopan plasmadas e escritas nun folio, e vanse facendo e aclarando a medida que van contestando cada unha de forma oral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)  
2/6



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Unha vez finalizada esta proba e despois do exame e da deliberación de todos e cada un dos membros do Tribunal, a puntuación total que resulta de dita proba da fase de oposición é a que figura no cadro que se inserta a continuación:

## RESULTADO DA FASE DE OPOSICIÓN:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Total Puntos Máx 10 ptos
1	Corral Gómez Iván	533014**F	8,5
2	Bermejo Montero M <sup>a</sup> de los Angeles	448425**M	8

Á vista das puntuacións obtidas nas distintas fases -concurso, oposición e tendo en conta que os aspirantes acreditaron o seu coñecemento de lingua galega e quedan exentos de realizar a proba correspondente, as puntuacións das persoas aspirantes, ordenadas de forma decrecente, son as seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Total puntos fase de concurso Máx 5 ptos	Total puntos fase de oposición Máx 10 ptos	Total Puntos Máx 15 ptos
	Corral Gómez Iván	533014**F	3,55	8,5	12,05
	Bermejo Montero M <sup>a</sup> de los Angeles	448425**M	1,55	8	9,55

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal ordena a publicación dos resultados das distintas probas realizadas, e propón ás persoas citadas anteriormente, pola orde de puntuación obtida, para cubrir dúas prazas de persoal de peóns do concello de Vilasantar, tal e como se establece na base 11 da convocatoria.

De todo o exposto, esténdese a presente acta ás 10:00 horas do día que figura no encabezamento, a cal asinan os membros do tribunal e da que eu, secretaria, dou fe."

Visto o punto 10 das referidas bases no que se regula os trámites posteriores á valoración de méritos e puntuación da fase de oposición por parte do tribunal.

Visto que unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicou no Taboleiro de Edictos do Concello, na páxina web e no portal da transparencia a relación de aprobados por orde de puntuación tras realizar a suma da calificación da fase de concurso e oposición.

Visto que o tribunal presentou ante esta Alcaldía a proposta dos candidatos que obtiveron maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) 3/6



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Visto que os aspirantes propostos deberá achegarar no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos os documentos seguintes:

1. Certificado médico acreditativo de posúir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
2. Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
3. Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
4. Documentación orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.

Visto que a non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurrira por falsidade na solicitude de participación.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Ley 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro:** Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local

**Segundo:** Resolver o proceso selectivo aprobando as listas definitivas de aprobados do concurso oposición para a contratación laboral temporal de dous peóns ó abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos Concellos da Provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2020 cofinanciado pola Deputación Provincial da Coruña:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Total puntos fase de concurso Máx 5 ptos	Total puntos fase de oposición Máx 10 ptos	Total Puntos Máx 15 ptos
	Corral Gómez Iván	533014**F	3,55	8,5	12,05

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)  
4/6



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Bermejo Montero M <sup>a</sup> de los Angeles	448425**M	1,55	8	9,55
---	-----------	------	---	------

**Terceiro:** Proceder a requerir a documentación á que fai referencia o punto 10 das bases reguladoras deste proceso selectivo comprensivo dos seguintes documentos:

1. Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
2. Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
3. Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
4. Documentación orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.

**Cuarto:** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vilasantar para coñecemento xeral, a efectos de notificación, conforme ó disposto polo artigo 45 da Lei 39/2015.

Contra a presente resolución, que pone fin á vía administrativa, os interesados poden interpor os seguintes recursos que se expresan a continuación:

De reposición potestativo, no prazo dun mes, a contar dende o seguinte día hábil á publicación desta resolución, ante o mesmo órgano municipal que dictou o acto impugnado, conforme ó establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

A interposición do recurso de reposición, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, dacordo co disposto nol art. 117 da Lei 39/2015.

Ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo, sen necesidade de interpor previamente o recurso de reposición potestativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, nol prazo de dous meses a contar dende o seguinte día hábil á publicación de esta resolución, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa.

No caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen perxuízo da interposición de cualquier outro recurso que Vd., estime convinte.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) 5/6



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

**Quinto:** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**